NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas – BRA		
Número expediente:	Documento:	
CON/35/2014	CONYIONR	
2O4V3Y221B614Z3K0X75		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE AVALIACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS DA REDE BIBLIOTECARIA MUNICIPAL

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, que actúa como presidente.

Vogais:
D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral
D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental
Dna. María del Carmen Espada Cortizas, concelleira delegada de Bibliotecas
Dna. Yolanda Martínez García, xefa accidental do Servizo Sociocomunitario.

Secretaria da Mesa: Susana M. Barbeito Míguez, xefa do negociado de Contratación.

Sendo as 12:00 horas do día quince de setembro de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para avaliar as ofertas técnicas presentadas polos licitadores do procedemento aberto para a adxudicación do servizo de asistencia técnica dos servizos bibliotecarios da rede bibliotecaria municipal.

Declarada aberta a sesión pola presidencia, éntrase a debater o informe elaborado pola encargada da Biblioteca Pública Municipal, Dna. Ainhoa González Rodríguez, que se achega como anexo a esta acta, no que se analizan os criterios de licitación suxeitos a xuízo de valor das ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

O informe, despois dun estudo pormenorizado das ofertas, presenta as seguintes conclusións:

Este informe baseándose no prego de condicións técnicas recolle unha proposta de puntuación das ofertas con base nas catro áreas valoradas conxuntamente con 45 puntos, segundo a seguinte descrición:

1) Memoria descritiva do servizo que se pretende prestar, que incluirá: contextualización, adaptación á realidade de Narón, criterios de execución, funcionamento, metodoloxía e xestión de calidade, con inclusión de programas complementarios e avaliacións.
   Adscríbense a esta área 25 puntos.
2) Relación de medios auxiliares e/ou equipamento de que dispoñen para aportar á prestación do servizo.
   Adscríbense a esta área 10 puntos.
3) Protocolos ou métodos de avaliación intrínseca de execución do programa/servizos bibliotecarios.
   Adscríbense a esta área 5 puntos.
4) Procedemento da xestión da calidade da empresa, plans de saúde laboral e prevención de riscos, modelo de xestión empresarial, proposta de minimización do impacto ambiental, responsabilidade social empresarial e estratexias de innovación.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Adscríbense a esta área 5 puntos.

Dacordo con esta proposta, os distintos proxectos acadan a seguinte puntuación:

Empresa	Área 1	Área 2	Área 3	Área 4	Total
Tedaga SL	18	5	4	3	30
Xestión bibliotecaria e documental, SA (XESDOC)	16	6	3	2	27
EULEN SA	20	8	4	4	36
Servicios culturales ALGAMA	16	0	0	3	19
SERINDOC, SL	17	7	2	1	27

A Mesa de Contratación acordou facer seu este informe, coas puntuacións propostas, unha vez debatido o mesmo, e polo tanto ratificar a puntuación outorgada a cada unha das empresas licitadoras.

Así mesmo, e dacordo co disposto na cláusula 9 da folla resumo do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, esta Mesa acorda non ter en conta a oferta presentada pola empresa Servicios Culturales ALGAMA por non acadar o limiar mínimo de 20 puntos establecido para a puntuación dos criterios suxeitos a xuízos de valor, polo que resulta excluída do proceso de licitación.

Levantada a sesión pola presidencia, as doce horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, esténdese a presente Acta que, trala súa lectura, asinan o presidente e a secretaria da Mesa, do que, como secretaria, dou fe.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es